AVALIACIÓN

PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA

ANO 2020

Concello de CARRAL
Cultura

Carlos Lorenzo Pérez
Técnico de Cultura

Febreiro 2021

ÍNDICE

3 PRESENTACIÓN

4 PRINCIPAIS DATOS DO ANO 2020

15 A EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DESDE 2015

28 CONCLUSIÓNS

30 PROPOSTAS

31 ANEXO: relación de actividades 2020.

PRESENTACIÓN

O presente informe é unha avaliación da programación cultural municipal do ano 2020. Ten a finalidade de extraer datos e información que resulten útiles para valorar os niveis de aceptación da oferta cultural por parte da cidadanía, á vez que ofrece información que permite corrixir eivas, considerando que a pandemia do Covid-19 condicionou en gran medida o desenvolvemento da programación e os aforos das actividades e espectáculos. É previsible que as restricións sanitarias produzan datos cuantitativos menores a exercicios anteriores, mais haberá que valorar se se puido evitar un descenso brusco da participación da cidadanía na programación.

Con respecto as avaliacións de anos anteriores, incorporáronse novos indicadores a valorar. Contémplanse os custos directamente relacionados coa actividade (caché, dotación técnica, publicidade, dereitos de autor, licencias...) para obter un importe total e a relación prezo/usuario por evento; lugar de realización e unha valoración do fomento da igualdade de xénero. Complétase a información coa análise da evolución desde 2015 dos principais parámetros da programación, así como con observacións que permiten xustificar algúns datos e con propostas que se poderían aplicar para mellorar o conxunto da oferta.

É necesario advertir que nesta avaliación manexamos tan só datos cuantitativos, agás os que se refiren a igualdade de xénero, que resultan moi útiles para revisarmos as liñas de actuación do departamento municipal de Cultura, mais aquel factor que debe ser o principal a valorar, o índice de mellora sociocultural de Carral, non chegamos a ser capaces de valoralo, xa que se deben facer con outras metodoloxías de análise máis complexas, custosas e que deben realizarse a longo prazo. Esta circunstancia non debe servir de escusa para que o Concello de Carral explore opcións que permitan coñecer se realmente se acada tan importante obxectivo.

PRINCIPAIS DATOS DO ANO 2020

Neste primeiro apartado achéganse os principais datos da programación municipal do 2020 indicándose as cifras de participantes e espectadores, o número de eventos e actividades e a media de asistencia en cada categoría.

TIPO DE ACTIVIDADE	Participantes	Nº eventos	Media asist.
Teatro, maxia, títeres e monólogos	638	15	43
Contacontos	247	10	25
Cine	295	20	15
Danza	0	0	0
Música	877	9	95
Exposicións	110	1	110
Festas	1200	1	1200
Obradoiros e Escolas	114	6	19
Outros (conferencias, club lectura…)	213	5	43
TOTAL	**3694**	**67**	



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Neste apartado engadiremos os datos da emisión de vídeos a través de Facebook ou a web municipal elaborados para substituír a realización de certas actividades presenciais habituais da programación municipal de Cultura. Indicamos os números de

visionados dos vídeos, aínda que hai que ter en conta que moitas persoas non completan o tempo total de observación da gravación e que moitos dos totais dos visionados non serán por parte do público diana. Por estes motivos non están sumados ás cifras de participación antes apuntadas, agás as do concerto en streaming que foi en directo pola web sen posibilidade de visionado en diferido.

Vídeo	Mes de emisión	Nº de visionados
Contacontos *O Coelliño Branco*	Maio	4.017
Obradoiro de macramé: Pulseira primavera	Maio	2.052
Obradoiro de macramé: Tartaruga	Maio	1.136
Obradoiro de cabazas de Samaín	Outubro	1.270
Concerto streaming pulso e púa (web)	Outubro	18
TOTAL		**8.475**



Fonte: elaboración propia

Deste bloque de datos facemos os seguintes comentarios:

- Na gráfica de media de asistentes exclúense as festas e as exposicións, xa que nos dous casos só houbo unha actividade e a representación gráfica podería causar confusión e con cifras irrelevantes para a análise.

- Na categoría "Obradoiros e escolas" están incluídos, ademais da escola de Tapices, os obradoiros de cociña, de poesía nos centros de ensino e outros realizados na biblioteca.

- No 2020 non se realizou ningún espectáculo específico de danza. Estaba prevista a actuación de Xacarandaina co seu grupo de baile, mais as condicións climatolóxicas só permitiron que actuara o seu grupo de música.

- A actividade con maior número de participantes foi a festa e desfile de Entroido (1200 persoas), seguida da actuación das cantareiras Donaire (300 persoas).

- Os diferentes programas de audiovisuais suman case unha terceira parte do número total de actividades (30%). Porén en participación supón un 8% do total.

- A programación de artes escénicas acadou un 23% do total de actividades ofertadas, sendo un 17% a porcentaxe sumada de participación, o cal supón unhas proporcións bastante aproximadas.

- Os contacontos para animación á lectura que se ofreceron desde a biblioteca chegaron ao 15% do total programado. En asistencia chegou ao 7%.

- Semellante porcentaxe á dos contacontos está a de música, cun 13% no total da programación cultural e cun 23% na asistencia de público.

- As restantes categorías xa están por debaixo do 10% no total de eventos.

- A mellor media de asistencia de público deuse na oferta musical, sendo a de artes escénicas e a categoría que reúne outras modalidades de actividades (clubs de lectura, conferencias...) as que partillan a seguinte cifra de mellor media. Como xa indicamos, nesta avaliación da media excluímos as festas e as exposicións por seren categorías que só contaron cunha única actividade, o cal ofrece un dato quizais enganoso, sobre todo no referente a festas, no que existen diferentes formatos que este ano non se puideron executar.

- Por mor do Covid-19 algunhas actividades non se puideron realizar ou rematar. É o caso da escola de Teares e Tapices, os contacontos da primavera ou a celebración do Samaín. Tentouse atender estas carencias encargando producións audiovisuais relacionadas. A máis seguida foi a do contacontos *O Coelliño Branco*, que se emitiu en tres partes e que sumou 4.017 visionados. No mes de maio, no que se emitiron tres das catro producións, a poboación estaba a consumir un elevado número de produtos audiovisuais on line debido á situación de confinamento. Seguramente estes datos veríanse diminuídos nun estado de normalidade.

Vexamos agora os datos relativos ás actividades incluídas en circuítos, redes, festivais ou asumidas polo Concello na súa totalidade; as subvencións percibidas, así como datos relacionados cos lugares nas que se levan a cabo.

Actividades por	Nº
Rede Cultural	21
Cultura no Camiño	2
Ler conta moito	4
Rede Normalización Lingüística	2
Festival Galicreques	2
Encontro Inter. Pulso e Púa	1
Elas son artistas	2
Propias ou en colaboración	33
TOTAL	**67**

Actividades por redes, circuítos festivais...



Fonte: elaboración propia

Subvención	Entidade concedente	Importe €
Rede Cultural	Deputación da Coruña	19.996,64
Cultura no Camiño	Agadic	4.000,00
Ler conta moito	Consellería de Cultura	859,03
	TOTAL	**24.855,67**



Fonte: elaboración propia

Actividades en	Nª
Biblioteca Casa da Cultura	10
Biblioteca infantil	0
Sala de audiovisuais	23
Edif- T. Espiñeira	0
Local Xente Nova	18
Campo da Feira	5
Centros de ensino	2
Centro Antón Fraguas	2
O Espiño	0
Piscina	4
Local interxeracional	1
On line	2



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Sobre estes dous aspectos podemos salientar:

- A Deputación da Coruña, coa súa Rede Cultural (31%), segue sendo a institución que en maior medida contribúe a desenvolver a programación cultural municipal, seguido de Ler conta moito (6%) da Rede Galega de Bibliotecas (Xunta de Galicia).

- A metade da programación (49%) organízase de xeito alleo a outras entidades ou organizacións.

- A sala de audiovisuais da Casa da Cultura acolleu o maior número de actividades. O local Xente Nova de Tabeaio é o segundo espazo no que se levaron a cabo a maior cantidade de espectáculos da programación cultural. É necesario indicar que este non é un espazo de titularidade municipal, senón privado da asociación que lle dá nome. En terceiro lugar dos espazos que acolleron o maior número de actividades está a biblioteca da Casa da Cultura, Coa suma dos dous espazos, a Casa da Cultura resulta o equipamento con maior actividade cultural no referente a espectáculos, proxeccións e actividades puntuais.

- A biblioteca infantil non acolleu actividades debido a que permañeceu pechada desde o inicio da pandemia.

- O local interxeracional acolleu por primeira vez unha actividade cultural, a exposición *Galicia escandinava*, porque non se podía dispoñer da sala de exposicións do edificio Toñito Espiñeira, que é a que está ben equipada para este tipo de actividades.

- O pavillón do Espiño tampouco acolleu este ano ningunha actividade xa que non se puideron facer algunhas das actividades culturais habituais, como é o caso da festa do Samaín.

- Eventos que tiñan como espazo de referencia para a súa execución o edificio Toñito Espiñeira, non se puideron facer nel e provocou a mudanza a outros espazos como foi o Local Xente Nova ou a Casa da Cultura.

- Emitíronse en streaming dúas actividades. Por unha banda a xornada sobre a avaliación do certame de poesía, e por outra o concerto do Encontro Internacional de Pulso e Púa do que participa Carral. Optouse por esta modalidade non presencial por mor das limitacións de aforos.

- Das oito parroquias, só acolleron actividades cultural no 2020 as de Paleo-Carral e Tabeaio.

Co presente informe de avaliación comezamos a valorar tamén o gasto municipal calculado por participante, é dicir, o resultado da relación entre o que costaron as

actividades e o público que gozou delas. Para este cálculo consideramos só aqueles relacionados directamente coa actividade (caché ou prezo, dereitos de exhibición, equipamentos técnicos, licencias, dereitos de autor...).

Facendo o cálculo considerando o total de participantes (3.694) e o total do gasto directo (61.728,21€) resulta un gasto medio por usuario de 16,71 €.

TIPO DE ACTIVIDADE	Gasto por participante
Teatro, maxia, títeres e monólogos	44,49
Contacontos	20,25
Cine	41,18
Danza	0
Música	38,97
Exposicións	0
Festas	6,21
Obradoiros e Escolas	85,56
Outros (conferencias, club lectura…)	31,08



Fonte: elaboración propia

No 2020 iniciouse un especial seguimento do aspecto da igualdade de xénero na programación cultural. Establecéronse catro valores segundo as actividades sexan máis ou menos favorecedoras da igualdade entre sexos. Así, fixáronse os seguintes valores e criterios:

- **A**: Sen presenza da muller en ningunha faceta salientable da actividade.

- **B**: Presenza feminina nalgunha faceta visible da actividade e contido respectuoso coa muller.
- **C**: Presenza feminina en varias facetas da actividade e contido que promova a figura da muller.
- **D**: Presenza maioritaria da muller nas principais facetas da actividade (creación, dirección, elenco, técnica...) e contido que promova a figura da muller.

Os datos deste epígrafe obtidos no 2020 son os seguintes:

Actividades por igualdade de xénero	
A	15
B	15
C	18
D	19



Fonte: elaboración propia

Para rematar este primeiro apartado con datos específicos do 2020 achegamos os que se refiren ao reparto de actividades ao longo do ano.

Actividades por meses	
Xaneiro	4
Febreiro	6
Marzo	1
Abril	0
Maio	0
Xuño	1
Xullo	2
Agosto	2

Setembro	15
Outubro	14
Novembro	12
Decembro	9



Fonte: elaboración propia

- No referente á igualdade de xénero na programación, están relativamente equilibradas as catro categorías, sendo maioritarias aquelas que máis a fomentan.

- Non podemos facer unha análise da evolución do aspecto de xénero xa que é o primeiro ano no que se inclúe este factor.

- Claramente se observa que o último cuadrimestre foi o que condensa a maior parte da programación cultural municipal.

- Os meses de setembro e outubro foron os meses con maior cifra de actividades sumando un total de 29.

- Por mor do confinamento non se puideron facer actividades en abril e maio, agás as emisións en vídeo antes citadas. En marzo tamén ficaron sen desenvolver actividades programadas.

- É preciso indicar que con actividades como o club de lectura ou a escola de Tapices, aínda que se levaban a cabo con sesións semanais ou quincenais, non computamos o total de sesións, senón como unha única na parte correspondente ao curso 2019-2020 e outra na parte do ano do curso 2020-2021.

- Actividades previstas no primeiro semestres como o acto do 23ª Premio de Poesía Concello de Carral ou sesións de cine, trasladáronse para o último cuadrimestre.

A EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DESDE 2015

Esta análise complétase coa valoración da evolución dos datos desde o 2015, para determinar as tendencias.

Evolución nº actividades	
Ano	Nº Actividades
2015	50
2016	62
2017	73
2018	71
2019	73
2020	67



Fonte: elaboración propia

- Despois de que se mantivera o nivel de programación nos tres anteriores anos, no 2020, coa pandemia, produciuse un descenso moi lixeiro.

- Considerando o esforzo que supuña manter a capacidade de adiar actividades e non suspendelas, considérase que se acadou o obxectivo de manter a programación, aínda que fora adaptándose a novas datas e condicións.

No que atinxe á evolución dos espectadores nestes anos, podemos amosar os totais e desagregados polas categorías que manexamos neste informe.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Teatro, maxia, títeres e monólogos	843	1710	1013	1149	1836	638
Contacontos	425	718	751	821	700	247
Cine	405	490	606	603	789	295
Obradoiros e Escolas	31	199	241	150	233	114

Música	420	782	702	519	1013	859
Exposicións	220	70	8005	778	345	110
Festas	860	70	280	220	250	1200
Outros (conferencias, club lectura…)	165	155	136	87	148	213
TOTAIS	3452	4214	11972	4327	5314	3676



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Sobre estes datos podemos facer os seguintes comentarios:

- O pico na gráfica conseguido no total de 2017 debeuse á realización da exposición *Fotos para as mil historias de Carral* (7000 persoas), que se ten demostrado en todas as súas edicións como a actividade cultural con máis éxito de público.

- Ante a tendencia en aumento dos primeiros cinco anos analizados, no 2020 existe unha caída xeneralizada na participación dos públicos. É un descenso previsible polas consecuencias da pandemia, aínda que non tan pronunciada en Carral como se podería agardar.

- Que a organización do Entroido volvera ao departamento de Cultura, contribuíu a que a baixada total de participación non fora tan aguda, xa que sumou unha cantidade importante de persoas beneficiarias (1200) antes da entrada en vigor do confinamento.

- Na gráfica de Teatro, maxia, títeres e monólogos salienta o alto índice do ano 2016, que se produciu por teren organizado dúas sesión de teatro con público escolar, outra a cargo do grupo afeccioado de Tabeaio, que sempre supón unha alta cifra de asistentes; tamén por ter sido o único no que o ciclo Venres de Monólogo contou con 4 sesións en lugar das 3 doutras edicións. Obviando esta circunstancia excepcional do ano 2016, a tendencia da gráfica viña indicando un ascenso continuo de público que cae no 2020 motivada fundamentalmente polas limitacións dos aforos.

- Cos Contacontos, no que se viña obtendo un ascenso continuado dos niveis de participación ata 2018, hai que salientar a baixada no 2019 producida por un retraso na execución do programa Ler conta moito da Xunta de Galicia, que non permitiu organizar sesións especiais antes do verán, e a forte caída no 2020 pola paralización da programación durante o confinamento, as reducións drásticas dos aforos, a programación tardía de Ler conta moito, e tamén por unha notable baixa afluencia de público ás actividades infantís.

- A tendencia á alza da participación nas programacións de cine, viuse rota coa forte baixada do 2020, a pesar de se incluír un novo programa de documentais nos meses de xaneiro e febreiro que tiveron moito éxito. No 2019 producírase un forte incremento polo éxito de público das sesións de cine ao aire libre, mais que non se repetiron no 2020.

- No referente ás escolas culturais e obradoiros, a baixada no 2020 ven dada pola única entrada en funcionamento da de Teares e Tapices, que só puido funcionar na parte do curso 2019-2020 e que xa non puido ofertarse no 2020-2021.

- No eido da programación musical non se deu unha caída intensa de participación, dado fundamentalmente polo éxito dos dous concertos de Músicas Íntimas, que completaron os aforos limitados a 75 persoas en cada sesión.

- No caso das Exposicións, non se pode expor aínda unha liña de actuación que permita traballar a prol dunha mellora dos datos cuantitativos. Ao non podermos facer uso da sala de exposicións, resulta difícil manter unha oferta neste eido. A única exposición que se puido programar 2020 tamén se viu afectada pola pandemia e acadou certo público cautivo provinte do campamento municipal de verán.

- Os datos de Festas agrupan no 2015 a actividades como a Xuntanza de Palilleiras e a Clausura das Escolas Municipais. Ámbolos dous eventos xa non se realizan desde 2016, polo que reduce notablemente a cifra deste apartado. O ascenso no 2020 ven producido polo feito de que se incorporou o Entroido á programación do departamento de Cultura. Se non houbese pandemia, o ascenso aínda sería moito máis acentuado pola realización da festa do Samaín.

- O epígrafe de Outros recompila diversos tipos de actividades. Agás o Club de Lectura, as restantes son actividades alleas a ciclos ou programas estables, polo

que o seu número pode ser moi variable dun ano a outro. O maior ascenso do 2020 ven dada pola cifra de seguidores da xornada on line de avaliación dos certames de poesía.

Resultará útil coñecer tamén a evolución da programación cultural municipal nestes seis anos considerando o número de actividades por meses.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Xaneiro	0	2	2	6	1	4
Febreiro	0	2	1	1	2	6
Marzo	2	1	10	1	1	2
Abril	6	8	5	5	10	0
Maio	4	4	5	4	5	0
Xuño	2	11	3	9	2	1
Xullo	6	2	3	0	1	2
Agosto	1	1	9	4	3	2
Setembro	7	9	7	10	13	15
Outubro	7	9	11	10	16	14
Novembro	5	6	6	9	10	12
Decembro	8	7	11	11	9	9



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

- No 2020 tentouse corrixir o equilibrio da programación ao longo do ano con actividades nos primeiros meses. Mais a pandemia afectou en gran medida ás previsións o obrigou a que programación planificada para o primeiro semestre, se trasladara para o último cuadrimestre.

- Na evolución dos últimos seis anos, confírmase o último cuadrimestre como o que acumula maior programación. No primeiro treito do ano é o mes de abril o que concentra maior actividade dun xeito regular.

Os últimos datos que presentamos e avaliamos están relacionados con catro programacións específicas e que se incidiu nelas en maior medida desde o 2015. Son as proxeccións de cine, tanto coas súas propostas na Casa da Cultura como ao aire libre, o ciclo Músicas Íntimas, o ciclo Venres de Monólogo e o Ciclo de Teatro de Outono.

Sesións de cine

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Casa da Cultura	13	14	15	20	16	18
Aire libre	1	4	6	4	4	2



Fonte: elaboración propia

Espectadores programas de cine

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Casa da Cultura	335	355	374	423	286	218
Aire libre	70	135	232	180	503	77



Fonte: elaboración propia

Media de espectadores por sesión

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Espectadores	29	27	29	25	39	15



Fonte: elaboración propia

Ciclo Músicas Íntimas

	2016	2017	2018	2019	2020
Espectadores	77	160	181	97	128



Fonte: elaboración propia

- A asistencia de público ás sesións de audiovisuais caeron notablemente nas dúas categorías. A media de espectadores por película tamén sofre unha caída no 2020.

- As cifras de asistentes ás sesións de cine no Campo da Feira no 2019 foron excepcionais e lanzaron á alza a gráfica nese ano.

- O ciclo Músicas Íntimas recuperou público no 2020 mellorando os índices do 2019.

Ciclo Teatro de Outono

Media de asistentes	
Edición	Media
2015	55,0
2016	57,4
2017	64,7
2018	62,0
2019	66,6
2020	52,8



Fonte: Elaboración propia

- As limitacións de aforos derivados da pandemia provocaron o descenso na cifra do 2020 de asistencia media ao ciclo teatral.

- En 4 das 8 sesións completouse o aforo ficando persoas sen entrada.

- O aforo máximo estableceuse para cada sesión do ciclo do 2020 en 60 localidades.

- Para o ciclo Teatro de Outono fíxose unha avaliación específica dispoñible no seguinte vencello: https://bit.ly/36Lt5Z8

Ciclo Venres de Monólogo

Media de asistentes Edición	Media
2015	67
2016	56
2017	46
2018	45
2019	28
2020	33



Fonte: Elaboración propia

- Xa que neste ciclo de monólogos teñen variado o número de sesións nalgunhas edicións, valoramos a evolución co dato da media de asistencia a cada monólogo.

- Por mor da pandemia, o ciclo trasladouse do seu lugar habitual de realización (Edificio Social Toñito Espiñeira) ao Local Xente Nova de Tabeaio, que ofrecía

mellores posibilidades para acoller público coas restricións e limitacións sanitarias.

- Ante un descenso continuado nos pasados anos, no 2020 mellorouse o dato de participación.

CONCLUSIÓNS

Vistos os anteriores datos podemos obter as seguintes conclusións:

- A tendencia ascendente dos niveis xerais de asistencia que se viñan producindo ata o 2019, viuse modificada pola pandemia do Covid-19, aínda que cunha redución moito menor do que podería ser previsible.

- O total de participación baixou no 2020 un 31% con respecto ao 2019.

- Logrouse manter a oferta de actividades en niveis moi semellantes ao 2019, que foi un dos obxectivos anunciados da Concellería de Cultura cando a pandemia obrigou a modificar as programacións.

- A oferta escénica e audiovisual supuxo a metade da programación do 2020.

- No total da participación da cidadanía na programación cultural municipal, a festa do Entroido supón a terceira parte, mentres que os espectáculos musicais unha cuarta parte.

- Os descensos máis agudos de participación danse nos conxuntos de Artes Escénicas (teatro, monicreques e monólogos) con -65%, dos Contacontos con -65%, do Cine con -63% e o de Obradoiro e Escolas cun -51%.

- Os conxuntos de actividades que conseguiron aumentar nos participantes foron o de Festas con +380% e de Outras (club de lectura, recitais, premio de poesía...) con +44%.

- A oferta de danza foi outra vez inexistente na programación municipal.

- As exposicións de artes plásticas e visuais tamén estiveron ausentes da programación do 2020.

- É moi baixo (9%) o índice de participación en actividades nas que a cidadanía é parte activa dos procesos de creación e difusión cultural.

- A asistencia a actividades infantís baixou notablemente, posiblemente provocado polas precaucións ante o Covid-19.

- Boa parte da previsión de actividades que se ían facer para público escolar non puido executarse.

- A Casa da Cultura e o Local Xente Nova son os recintos que maior oferta cultural acollen.

- Carral e Tabeaio son as únicas parroquias con oferta cultural municipal.

- O Concello de Carral executou con fondos exclusivamente propios a metade do total das actividades. A metade restante fíxoa con subvencións que percibe directamente ou de xeito indirecto con actividades ofrecidas de balde pola Xunta de Galicia ou que perciben axudas públicas para reducir os seus cachés.

- Coa Rede Cultural da Deputación se atendeu case un terzo da programación do 2020.

- Fixéronse por primeira vez actividades en streaming ou difundidas en diferido a través das redes sociais.

- Os índices resultantes na valoración da promoción da igualdade de xénero na programación cultural de Carral son satisfactorios, aínda que teñen moita marxe de mellora.

- Entre o 29 de agosto e o 26 de decembro (4 meses) concentrouse o 72% da programación cultural.

PROPOSTAS

O ano 2020 non se pode tomar como unha referencia estática do modelo de programación e da súa aceptación por parte da cidadanía, xa que a pandemia condicionou en gran medida as liñas estratéxicas, Aínda sendo así, detéctanse eivas ou tendencias que cómpre corrixir para mellorar os niveis de impacto da programación cultural na sociedade carralesa. Con esa finalidade facemos algunhas propostas para os próximos exercicios:

- Tentar cubrir a oferta nos meses máis febles de programación, sobre todo do primeiro semestre.

- Aumentar a oferta de actividades que fomenten a participación activa da cidadanía. Ante a escasa resposta de interese polas escolas culturais, deseñar unha oferta de obradoiros que permita atender a demanda por actividades que mesturen formación e lecer.

- Aumentar a oferta de danza, conscientes das limitacións dos espazos dispoñibles que ofrecen dificultades para unha óptima programación desta disciplina.

- Mellorar a oferta de exposicións, sobre todo a de artes plásticas e visuais. Poñer os medios necesarios para que non siga descendendo a oferta, tentando mellorar a captación de públicos con lugares ben dotados e horarios cómodos.

- Manter a liña de mellora e consolidación dos programas Músicas Íntimas, Venres de Monólogo e Teatro de Outono.

- Manter a liña de consolidación dos programas de audiovisuais (cine na Casa da Cultura, documentais e Noites de Cine).

- Recuperar a oferta de actividades para público escolar.

- Explorar posibilidades para que a programación cultural se estenda a un maior número de parroquias.

- Establecer nos criterios de programación especial atención para mellorar a presenza de actividades cos maiores valores de promoción de igualdade de xénero.

ANEXO

Achégase a continuación a relación de actividades do 2020. Indícanse as actividades, as datas, a participación, a clasificación concedida para a promoción da igualdade de xénero, se foi subvencionada ou non (no caso afirmativo apúntase o 1) e cifra de custo resultante por participante.

Data	Actividade	Partic	I.Xen.	Subven.		€/part.
				Si	Non	
9/1/20	Escola de Tapices e Teares	15	D		1	47,70
24/1/20	Cine documental: 12 leiras	48	B		1	2,81
30/1/20	Contacontos Trinketrinke: Querida ovella negra	70	D		1	3,57
31/1/20	Cine documental: Estruturas.Pel contra pel	32	B		1	5,00
7/2/20	Cine documental: Asolagados	20	B		1	0,50
14/2/20	Cine documental: Pedrón do Freixo	29	B		1	8,96
17/2/20	Obradoiro de cociña de Entroido	15	D		1	20,00
19/2/20	Club de Lectura (1º semestre)	19	D		1	33,89
23/2/20	Festa do Entroido	1200	C		1	6,21
27/2/20	Contacontos Trinketrinke: Riciños de ouro	70	D		1	3,57
6/3/20	Cine: Gorrión rojo	6	C		1	16,20
9/3/20	Obradoiro de poesía no IES	15	C		1	28,83
23/6/20	Xornada en liña avaliación premio de poesía	140	D		1	0,00
15/7/20	Exposición: Galicia escandinava	110	B	1		0,00
18/7/20	Teatro (Norm. Lingüística): Voa voa! (Talía Teatro)	24	C	1		0,00
29/8/20	Músicas Íntimas: Talabarte	54	A	1		63,96
30/8/20	Músicas Íntimas: Las Antonias	74	D	1		30,38
1/9/20	Cine aire libre: Bohemian rhapsody	42	A	1		20,24
2/9/20	Cine aire libre: Quien a hierro mata	35	A	1		24,28
10/9/20	Cine: Cavernícola	1	B	1		360,97
11/9/20	Venres de Monólogo: Avelino González	28	A	1		20,94
12/9/20	Papeques: Ris Ras (Baobab Teatro)	13	C	1		149,37
12/9/20	Acto Premio de Poesía	22	A	1		0,00
17/9/20	Cine: Los Pitufos: la aldea escondida	6	D	1		61,82
18/9/20	Venres de Monólogo: Cándido Pazó	39	A	1		20,15
19/9/20	Papeques: Concerto Uxía Lambona	60	D	1		35,39
22/9/20	Papeques: Versos para perder medos - María Canosa	6	D	1		58,33
23/9/20	Papeques: contacontos sensorial	14	C	1		13,93
24/9/20	Papeques: O Coelliño branco - Trinketrinke	12	C	1		40,83
25/9/20	Venres de Monólogo: Stephy Llaryora	31	D	1		16,13
26/9/20	Papeques: Animais de compañía - Teatro do Noroeste	43	D	1		63,99
27/9/20	Concerto Pandereteiras Donaire	300	D	1		2,08
2/10/20	Cine: Todos lo saben	7	B		1	15,74
3/10/20	Obradoiro: Eu decido a historia (Ler conta moito)	2	C	1		120,00
5/10/20	Contacontos O Xigante	10	A	1		36,30

9/10/20	Cine: Lady Bird	4	D		1	30,04
11/10/20	Concerto en streaming Encontro Internacional Pulso e Púa	18	B	1		6,72
16/10/20	Cine: Alita: ángel de combate	1	C		1	116,85
17/10/20	Teatro: Vida de cans	37	B	1		89,16
18/10/20	Galicreques: La Gallina Churra	23	C	1		28,34
23/10/20	Cine: Malos tiempos en El Royale	7	C		1	16,67
24/10/20	Teatro: Bernarda	60	C	1		55,31
25/10/20	Galicreques: Circo Galaico	25	A	1		24,00
29/10/20	Contacontos: Aprendendo a querer	14	C		1	17,86
30/10/20	Cine: Eroski Paraíso	12	C	1		30,00
31/10/20	Teatro: O meu mundo non é deste reino	44	B		1	60,76
4/11/20	Recital/documental: Carvalho Calero	20	A		1	75,00
6/11/20	Cine: el día que vendrá	6	B		1	19,45
13/11/20	Cine: Johnny English: de nuevo en acción	9	B		1	12,30
14/11/20	Teatro: Hansel	46	C	1		18,48
19/11/20	Contacontos: Picnic (Pérez&Fernández)	15	B	1		0,00
20/11/20	Cine: E arte de vivir bajo la lluvia	5	B		1	22,93
21/11/20	Teatro : Os nenos da variola	58	D	1		41,74
26/11/20	Contacontos: Contos para evitar os abusos sexuais	16	D		1	15,63
27/11/20	Cine: ¿Podrás perdonarme algún día?	13	B		1	8,98
28/11/20	Teatro: Senior	60	A	1		47,39
29/11/20	Elas tamén pintan	5	D	1		275,88
29/11/20	Elas son artistas: Concerto de Lau	18	D	1		47,19
1/12/20	Obradoiros de poesía no IES	62	C		1	20,93
4/12/20	Cine: Ad Astra	9	A		1	12,97
5/12/20	Teatro: Loló e mamá	60	D	1		38,98
11/12/20	Cine: Misión: Imposible Fallout	3	A		1	36,90
12/12/20	Teatro: Cartoóns	60	A	1		34,28
13/12/20	Música e danza: Xacarandaina	250	A	1		9,48
16/12/20	Club de lectura (2º semestre)	12	C		1	46,50
17/12/20	Contancontos: Ovos. letras e galiñas	20	C		1	12,50
26/12/20	Concertos de Xabi Longueirón	90	A		1	6,12